



2025/SUBCC/000001

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 06.02.2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5.- BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AS ANPA QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO EIDO DA EDUCACIÓN DURANTE O CURSO ESCOLAR 2024/2025. 2025/SUBCC/000001.

Examinado o expediente de referencia e visto o informe-proposta da xefatura do servizo de Educación e Promoción Económica, de data 03.02.2025, conformada polo concelleiro de goberno delegado da área de Dinamización Social e Cultural na mesma data, cuxos antecedentes e consideración xurídicas a continuación de reproducen:

I. ANTECEDENTES:

- 1.- Por providencia do Concelleiro delegado de educación, de data 02 de xaneiro de 2025 se ordena iniciar o expediente para a aprobación das bases e convocatoria para a concesión de subvención de acordo cos criterios determinados na mesma.
- 2.- Incorpórase ao expediente informe favorable da xefa do servizo.
- 3.- Con data 29/01/2025 o Servizo de Intervención informa de conformidade con observación de irregularidade leve: "Obsérvase que a contía máxima a conceder resulta inferior á prevista no Plan Estratéxico de Subvencións (Ficha Número: 006) que a recolle cos seguintes importes: 2023: 24.670,00 €; 2024: 25.000,00€ e 2025: 25.000,00€".

Dende hai anos na partida 05-3270-48900, á que se imputan as subvencións ás ANPA e que ten unha contía de 25.000,00€, se imputa tamén a cota anual de adhesión do Concello de Pontevedra á Asociación Internacional de Cidades Educadoras (330,00 €), polo que a achega total as ANPA vese diminuída nesa contía.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- Ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos (OXS) aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17 de setembro de 2004 e publicada no BOP. nº 190 do 30 de setembro, son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto. Así mesmo, o artigo 22.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións establece que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Neste senso, os artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

2.- Na providencia de inicio aludida no apartado de antecedentes deste informe expóñense as razóns que xustifican a conveniencia e oportunidade para a convocatoria e posterior outorgamento das subvencións.





3.- O artigo 189.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL) que os perceptores de subvencións concedidas con cargo aos orzamentos das entidades locais e dos organismos autónomos virán obrigados a acreditar, antes da súa percepción, que se encontran ao corrente das súas obrigas fiscais coa entidade, así como, posteriormente, a xustificala aplicación dos fondos recibidos e no mesmo sentido o artigo 40.2 da mesma norma determina que as entidades públicas outorgantes das subvencións poderán verificar o destino dado a estas. Se tras as actuacións de verificación resultase que as subvencións non foron destinadas aos fins para os que se concedesen, a entidade pública outorgante esixirá o reintegro do seu importe ou poderá compensalo con outras subvencións ou transferencias a que tivese dereito a entidade afectada, con independencia das responsabilidades que fose lugar.

Nestes termos esta documentación completárase con aquela que, de maneira exemplificativa, recolle o artigo 12 da OXS.

4.- Segundo o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a concesión de subvencións en concorrencia competitiva será da alcaldía cando o importe da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros, e da Xunta de Goberno Local no caso contrario.

O artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG) no mesmo sentido que o artigo 23.1 do antigo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL), determina que poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local. “

Á vista do exposto e dos informes incorporados ao expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o gasto polo importe destinado ás anteriores subvencións con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se detalle polo Servizo de Intervención:

Aplicación	Operación	importe
05-3270-48900	-----	24.670,00 €

Segundo.- Aprobar as bases específicas desta convocatoria de subvencións como anexo ao presente acordo, contidas no documento co CSV 56TUPX4T50B4J09N

Terceiro.- Aprobar a convocatoria pública da concesión de subvencións para asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) de centros educativos de Pontevedra mantidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de primeiro ou segundo ciclo de educación infantil e/ ou ensinanzas obrigatorias que desenvolvan accións no eido da educación durante o curso escolar 2024/2025:

1.- BENEFICIARIOS:

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria: As asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) de centros educativos do concello de Pontevedra mantidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de primeiro ou segundo ciclo de educación infantil e/ ou ensinanzas obrigatorias.

2.- OBXECTO:

Bases para a convocatoria de subvencións a asociacións de nais e pais de alumnos/as (ANPA) de centros educativos de Pontevedra mantidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de primeiro ou segundo ciclo de educación infantil e/ ou ensinanzas obrigatorias que desenvolvan accións no eido da educación durante o curso escolar 2024/2025.

3.- BASES REGULADORAS:

Ordenanza Xeneral de subvencións do Concello de Pontevedra aprobada polo Pleno municipal de data 17 de setembro de 2004, e publicada en el BOP de Pontevedra nº 190 de data 20 de setembro.





4.- ORZAMENTO, APLICACIÓN ORZAMENTARIA, IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN INDIVIDUAL E PORCENTAXE MÁXIMO DE GASTO FINANCIABLE

Para a concesión das subvencións que se convocan, destinaranse os créditos globais de 24.670,00 €, correspondente á aplicación orzamentaria que se detalle polo Servizo de Intervención.

A porcentaxe subvencionable polo Concello non poderá exceder do 50% do custo da actividade a que se aplique.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contado a partir do seguinte ao da data da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O texto íntegro das presentes bases será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, conforme ao establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

